



Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

Providencia de inicio.

A Constitución Española de 1978 reconece aos municipios, ás provincias e as comunidades autónomas autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. É o artigo 140 o que consagra o principio de autonomía local, polo que o goberno e a administración corresponden a cada un dos concellos.

O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, dedica parte do título VI, artigos 186 a 190, a regular as honras e distincións das entidades locais. Así, o artigo 189 sinala que as corporacións locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, distincións ou outros distintivos honoríficos, co fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios, así como acordar nomeamentos de fillos/as predilectos/as e adoptivos/as e de membros honorarios da Corporación, atendidos os méritos, calidades e circunstancias singulares que concorran nas persoas galardoadas.

Por todo isto, é manifesta a necesidade do Concello de Brión, en virtude da súa potestade de autoorganización, de aprobar un regulamento para a concesión de distincións.

Confeccionado un borrador de regulamento que consta no expediente, consonte co disposto no art. 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dispoño:

1º) Publicar o texto no portal web do concello, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns e recabar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades, durante o prazo de quince días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación.

Correo electrónico para a presentación de observacións: concello@concellodebrion.gal

Documento asinado electronicamente

O alcalde

Pablo Lago Sanmartín